



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día vinte e dous de decembro do ano dous mil catorce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- D^a. Carmen Gloria Fernández Ozores
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación dona Julia M^a Carrasco González-Alegre, e a Interventora da Corporación, dona Ana Llorca Maneiro.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2013.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Formulada e rendida a Conta xeral do Orzamento deste Concello, correspondente ao exercicio económico de 2013, informada pola Comisión especial de Contas, en sesión de data 13 de novembro de 2014, e exposta ao público dende o 20 de novembro ata o 19 de decembro de 2014, sen que se presentasen reclamacións, esta alcaldía en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello da Guarda correspondente ao exercicio 2013.”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Magallanes Álvarez explica que como indica o informe de Intervención de 24 de outubro, se trata dun acto esencial para a fiscalización externa, e non supón conformidade nin responsabilidade sobre o contido da mesma. Non se aproba o seu contido, senón a súa formulación, que cumpre coa normativa vixente, e que se remite ó Consello de Contas e ó Tribunal de Contas, para o seu control externo.

A señora Estévez Álvarez di que votarán en contra, pois non están de acordo con certos puntos e presetarán alegacións por escrito.

O señor Lomba Alonso di que as contas chegan tarde, son sobre un orzamento “fantasma”, que non pasou polo Pleno, senón que é prórroga doutros. Hai unha serie de partidas que fan un debuxo da política municipal, pois presumimos de ser un Concello turístico e o Plan Director non se executou; as partidas de cultura presentan un 50% sen utilizar; a partida das 21 licencias, que foi froito dunha moción dun grupo político, o BNG dixo que non era legal, e os servizos técnicos lle deron a razón, a agora se baleira e logo se xeneran unha serie de gastos dun tercio e se deixan de pagar. Da recadación podería falar moitísimo, e o papel da emerxencia social que apenas se ten cumprido (8000 euros) é decepcionante.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que non van apoiar a Conta, teñen motivos suficientes, o ano pasado se lles solicitou un acto de responsabilidade por parte do equipo de goberno e eles non o son. Hai falta de fiscalización, non lle chegu o informe solicitado, e se perdeu unha subvención, polo que non a van apoiar.

A señora Magallanes Álvarez di que as intervencións non son consecuentes coa súa primeira intervención. Non se trata de dar o visto bo á xestión, se trata de someter a Conta ó control externo para non perder subvencións ou a participación nos tributos do Estado. A Conta está elaborada conforme á lexislación, é a Conta do exercicio 2013, é a única que pode ser sometida e rendida. Di que non permitir a súa aprobación é un reflexo da falta de interese dos grupos da oposición nos intereses do pobo, por poñer en perigo subvencións e a participación nos tributos do Estado.

O señor Lomba Alonso di que hai que ter moito arroxo para pedir responsabilidade á oposición, a Conta ven tarde, é responsabilidade do equipo de goberno e reflicte unha forma de gobernar. Di que levan dous anos sen orzamento, e este ano se levan agora, resulta curioso, e a culpa é da oposición. Di que a Conta é o resultado do acto de goberno durante todo o ano, a eles non lles satisface, os primeiros responsables son o grupo de goberno, sobre todo estando en minoría pero pensando que están en maioría.

A señora Magallanes Álvarez insiste en que cada un asume a responsabilidade que lle toca, se traen a Conta agora é porque foi cando se puido traer, pasaron polo Concello varios Interventores e se trae a este Pleno, con independencia do orzamento. Di que o Concello contou con orzamento, prorrogado, pero contou con el. Indica que o informe da Interventora sinala que non se aproba o contido da Conta, non se ratifica a xestión económica, é un acto formal que se require para a súa fiscalización externa, e se non o entenden, se ratifica a falta de responsabilidade.

Sometida a votación a **proposta** acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove votos en contra).

A proposta no prospera.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén o señor Español Otero e di que esperan non ter que arrepentirse, incluso os que poden ter responsabilidade política a partir de maio, cre que isto non é serio.

PUNTO 2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEPURACIÓN DE SALDOS DA CONTA 4199 (OUTROS ACREDORES NON ORZAMENTARIOS).

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“EXPEDIENTE DEPURACIÓN SALDO CONTA 4199 (OUTROS ACREDORES NON PRESUPUESTARIOS) anteriores a 30/11/2010.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente, así como os informes emitidos por Tesourería con data 1 de decembro de 2014 e a fiscalización do Expediente mediante informe de Intervención de data 15 de decembro de 2014, propónse a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

1.- Aprobar o expediente de depuración de saldo e movementos da conta 4199, Outros acredores non presupuestarios polos importes indicados no cadro seguinte

Cuenta:		OUTROS ACREDORES NON PRESUPUESTARIOS				
Núm. Asiento	Fecha	Descripción	Debe	Haber	Saldo Debe	Saldo Haber
014987	29/01/ 2010	INGRESO INDEBIDO AUGA 3T 2009, XANEIRO 2010		27,11		540.964,69
014988	29/01/ 2010	INGRESO INDEBIDO LIXO 2009, XANEIRO 2010		62,62		541.027,31
011711	26/02/ 2010	ANTONIO RODRIGUEZ GONZALEZ		2,30		541.029,61
015113	31/03/ 2010	INGRESO INDEBIDO, MARZO 2010		30,94		541.060,55
015114	31/03/ 2010	INGRESO INDEBIDO, MARZO 2010		15,20		541.075,75
015220	30/04/ 2010	INGRESO INDEBIDO		12,06		541.087,81
015222	30/04/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS		26,48		541.114,29
015223	30/04/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS		8,00		541.122,29
015225	30/04/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS		25,00		541.147,29
015227	30/04/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS		25,00		541.172,29
015228	30/04/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS		25,00		541.197,29
015229	30/04/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS		25,00		541.222,29
015230	30/04/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS		58,81		541.281,10
015231	30/04/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS		58,81		541.339,91
015232	30/04/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS		58,81		541.398,72



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

015324	31/05/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS	5,53	541.404,25
015325	31/05/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS	61,75	541.466,00
015326	31/05/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS	32,42	541.498,42
015327	31/05/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS	32,42	541.530,84
015328	31/05/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS	83,80	541.614,64
015329	31/05/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS	64,17	541.678,81
015330	31/05/ 2010	INGRESOS INDEBIDOS	46,84	541.725,65
015689	30/06/ 2010	INGRESO INDEBIDO, XUÑO 2010	46,13	541.771,78
015690	30/06/ 2010	INGRESO INDEBIDO, XUÑO 2010	89,93	541.861,71
015691	31/07/ 2010	INGRESO INDEBIDO, XULLO 2010	7,09	541.868,80
015692	31/07/ 2010	INGRESO INDEBIDO, XULLO 2010	47,05	541.915,85
015693	31/07/ 2010	INGRESO INDEBIDO, XULLO 2010	14,78	541.930,63
015824	31/08/ 2010	INGRESO INDEBIDO, AGOSTO 2010	21,69	541.952,32
015965	30/09/ 2010	INGRESO INDEBIDO, SETEMBRO 2010	30,54	541.982,86
015966	30/09/ 2010	INGRESO INDEBIDO, SETEMBRO 2010	44,97	542.027,83
015967	30/09/ 2010	INGRESO INDEBIDO, SETEMBRO 2010	122,36	542.150,19
015968	30/09/ 2010	INGRESO INDEBIDO, SETEMBRO 2010	8,08	542.158,27
015975	30/09/ 2010	INGRESO INDEBIDO, SETEMBRO 2010	28,40	542.186,67
015976	30/09/ 2010	INGRESO INDEBIDO, SETEMBRO 2010	30,88	542.217,55
016124	30/10/ 2010	INGRESO INDEBIDO, OUTUBRO 2010	15,32	542.232,87
016126	30/10/ 2010	INGRESO INDEBIDO, OUTUBRO 2010	13,43	542.246,30
009308	17/11/ 2010	JUAN PABLO VALVERDE FERNANDEZ	2,00	542.248,30
016287	30/11/ 2010	INGRESO INDEBIDO, NOVIEMBRE 2010	12,18	542.260,48
016288	30/11/ 2010	INGRESO INDEBIDO, NOVIEMBRE 2010	14,73	542.275,21

Segundo: Expoñer ao público o cadro correspondente mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P., polo prazo de 15 días hábiles.

Terceiro: Que pola Intervención do Concello se proceda á depuración do saldo da conta 4199, Outros acreedores non presupuestarios, na contabilidade do Concello, unha vez finalizado o prazo de exposición ao público e resultas as alegacións que no seu caso se formularsen”

A señora Estévez Álvarez di que van a apoiar a prposta, é importante para o Concello, e hai que seguir traballando para depurar os saldos de dubidoso cobro.

O señor Lomba Alonso di que é importante e votarán a favor.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Iglesias Ferreira di que non serán impedimento para que prospere o acordo, é necesario.

A señora Magallanes Álvarez di que igual que isto é necesario, pois é un mero trámite para reflectir a imaxe real do Concello, igual sucedía co punto anterior, que era importante para os intereses do pobo.

Sometida a votación a **proposta** foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (seis abstencións).

PUNTO 3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2015.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Consolidado do Concello de A Guarda para o exercicio económico do ano 2015 que ascende á cantidade de **SEIS MILLÓNS DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS MIL SEISCENTOS VINTE E DOUS EUROS (6.256.622,00 €)**, as súas bases de execución, o anexo de persoal, o anexo de inversións, e demais documentación engadida no expediente.

A aprobación do orzamento consolidado supón a aprobación do orzamento do Concello de A Guarda para o exercicio económico 2015 por importe de **SEIS MILLONS SETENTA E CATRO MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS (6.074.122,00 €)** e a aprobación do orzamento do Padroado Municipal para o exercicio económico 2015 por importe de **CENTO OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (182.500,00€)**.

A aprobación do orzamento do Concello de acordo co seguinte resumo:

ESTADO DE GASTOS

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS	CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
	OPERACIÓNS			CORRENTES	
1	Gastos de Persoal	2.510.990,96	1	Impostos directos	1.417.034,78
2	Gastos en bens Correntes	2.701.255,24	2	Impostos indirectos	55.620,00
3	Gastos financeiros	13.000,00	3	Taxas	1.516.808,80



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

4	Transferencias Correntes	365.526,13	4	Transferencias Correntes	2.744.541,25
5			5	Ingresos patrimón.	22.000,00
	OPERACIÓN			CAPITAL	
6	Inversións Reais	324.349,67	6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	2.000,00	7	Transf. capital	312.117,17
8	Activos financeiros	6.000,00	8	Activos financeiros	6.000,00
9	Pasivos financeiros	151.000,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	6.074.122,00		TOTAL	6.074.122,00

A aprobación do orzamento do Padroado de acordo con seguinte resumo:

ESTADO DE GASTOS

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS	CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
	OPERACION			CORRENTES	
1	Gastos de Persoal	88.219,72	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens Correntes	37.900,00	2	Impostos indirect.	0,00
3	Gastos financeiros	200,00	3	Taxas	179.000,00
4	Transferencias Correntes	0,00	4	Transferencias Correntes	0,00
5			5	Ingresos patrimón.	3.500,00
	OPERACION			CAPITAL	
6	Inversións Reais	56.180,28	6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	0,00	7	Transf. capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	182.500,00		TOTAL	182.500,00

SEGUNDO: Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ó público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que durante o prazo de quince días hábiles, os interesados indicados no artigo 22.1 do R.D. 500/90 poderán examinalo e formular as reclamacións a que se refire o apartado 2 do artigo citado.

TERCEIRO: O Orzamento considerase definitivamente aprobado se durante o período citado non se presentaran reclamacións, entrando en vigor, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resume por capítulos do mesmo.

CUARTO: Remitir copia do Orzamento aprobado aos órganos competentes do Estado e Comunidade Autónoma.”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Magallanes Álvarez explica as liñas do orzamento: se remitiu a proposta ós grupos no mes de decembro, por respecto ó traballo da oposición, para o seu estudo pormenorizado. Se produce unha conxelación de taxas, impostos e prezos públicos, así como o apoio ó fomento do turismo; hai endebedamento cero, cunha cifras ó final de ano de 500.000 euros de endebedamento nos bancos que non se recordaban. Di que diminúe a amortización de intereses, e se cumpre a estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira. Na área social hai 500.000 euros, cun incremento do 35% en emerxencia social e atención a persoas en situación de precariedade. Se mantén o importe para entidades sociais, deportivas e culturais, así como se inclúen novas asociacións. Di que tivo lugar a reunión da mesa de negociación cos sindicatos. Explica que seguiron un criterio de prudencia nos ingresos, e fala da minoración e desaparición dalgúns subvencións, como a do Centro de Saúde. Se deu énfase en dotar de crédito ó funcionamento dos servizos, como auga, luz, limpeza, residuos, escola infantil, así como gastos con rendabilidade social, como os relativos á mellor, deporte, etc.; e se trata de dinamizar e potenciar o comercio, o turismo e a industria.

En relación co emprego, di que existen os plan provinciais, e un esforzo por manter ó persoal de servizos sociais (13 auxiliares de axuda a domicilio). Di que o obxectivo é manter a vila limpa, ben equipada, con actividades e potencialidades, con servizos públicos de calidade, mantemento do emprego e levando como bandeira os servizos sociais. Di que esperan que se valore o esforzo e solicitan o apoio para que prosperen.

A señora Estévez Álvarez di que non está de acordo con algunhas partidas e votará en contra. O señor Lomba Alonso di que son críticos coa emerxencia social, pois consideran que é insuficiente, e hai outras partidas de contía superior que non se utilizan, como as 21 licencias. Di que botan de menos partidas como o plan de tráfico, ou o esforzo en por en valor o comercio local, con infraestruturas como a praza de abastos, pois non houbo medidas efectivas: Di que unha vez máis chega a última hora, e se lle botará a culpa á oposición. Non van apoiar o orzamento.

A señora Iglesias Ferreira di que teñen un prisma distinto ó do equipo de goberno, non están de acordo co orzamento nin coa intervención da concelleira de facenda, polo que votarán en contra.

Intervén o señor Español Otero e di que entende que se vote en contra do orzamento, son unha cuestión política e resulta entendible. Pero non pode compartir que se faga o mesmo debate nos dous puntos, a Conta xeral é preceptivo rendila, estamos obrigados a envialas e non lle deixan. Saben que é obrigatorio rendilas, o outro é un formalismo, cumprir coa legalidade vixente. Di que hoxe tiñan que remitir o acordo dentro da tramitación dunha subvención do Plan Marco e pensa que se perdeu, e se dirixe ó PP dicindo que eles o sabían, asentindo a señora Iglesias Ferreira. O señor Español Otero di que a cidadanía o vai saber.

Intervén o señor Alcalde e quere facer unha reflexión: di que seguramente inflúe en todo isto o tema electoral, se ben recorda que foi moi distinto o que fixo o equipo de goberno cando aprobaron os orzamentos do PP que non lle quería aprobar o seu socio de goberno, e os aprobaron sen que llo pediran, os votaron a favor. Di que isto se toma cunha alegría que da medo.

Sometida a votación a **proposta** acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove votos en contra).

A proposta no prospera.

PUNTO 4º.- DAR CONTA DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN 2013.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada, e sinala que aparecen no listado reparos do ano 2011.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

O señor Alcalde desexa á Corporación bo nadal, paz, traballo e saúde.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás nove horas e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre